

O Apalpador, personaxe do nadal galego

O Apalpador é un personaxe da tradición popular galega orixinario das montañas do Courel e os Ancares. Está ligado ás festas do Nadal e gústalle compartir connosco estes bonitos días.

É un pastor grandullón e bo, de mirada doce e longas barbas coloradas que, co seu abrigo cheo de remendos e a grandes zancadas, percorre Galicia enteira.

Durante o ano fabrica carbón, vive dos froitos silvestres, caza xabarís, recolecta mel e fai aparecer, coas pólas dos bosques, os xoguetes que as madeiras esconden.

Conta a lenda que en Noiteboa e Noitevella o Apalpador abandona as montañas para baixar ata as aldeas e entrar con sixilo nas habitacións dos máis pequenos. O seu obxectivo é palpar as súas barrigas, ver si comeron suficientemente durante o ano e deixar unha presada de castañas. Si ademais foron bos, tamén deixará algún agasallo para desexar un ano novo cheo de felicidade e comida.

Ao longo do tempo os froitos outonais deixaron paso aos xoguetes, pero a esencia é a mesma e este Papá Noel á galega atópase en pleno auxe de popularidade. Nos últimos anos os concellos traballan para recuperar esta figura en Cabalgatas de Reis ou actividades do nadal. Tamén son numerosas as obras de teatro de monicreques, documentais ou charlas que difunden a figura do Apalpador. Nelas, ademais de repartir agasallos, transmite unha mensaxe de respecto pola natureza e o coidado do medio ambiente.

1. Que tipo de texto é? De que trata? _____

2. Que aspecto do Apalpador trata cada un dos parágrafos?

3. Escribe un resumo do texto.

4. Busca no texto 2 palabras de cada:

	Feminino	Masculino
Singular		
Plural		

5. Cambia o xénero e o número destas palabras:

Pastor. _____

Galego. _____

Longas. _____

Pequenos. _____

6. Fai un cartel que anuncie a chegada do Apalpador á túa localidade.

Vaite logo meu neniño / miña neniña,
marcha agora para a camiña,
que vai vir o Apalpador
a apalparche a barriguiña.

Mañá é día de cachela
que haberá gran nevarada
e vai vir o Apalpador
cunha mega de castañas.

Por aquela cemba
xa ven relumbrando
o señor Apalpador
para darvos o aguinaldo.

1. Ilustra o poema.

2. Busca no dicionario as palabras descoñecidas. Escribe o significado que se relaciona co poema.

3. Completa como queiras. Ten en conta que o 2º verso rima co 4º.

Por aquela _____
xa ven _____
o señor Apalpador
para _____.

4. Memoriza o poema.